

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

O **Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda**, a través dos seus deputados **Xabier Ron Fernández** e **Ramón Vázquez Díaz**, e da súa vicevoceira, **Yolanda Díaz Pérez**, ao abeiro do recollido no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de Lei para a seu debate en Comisión**, sobre a **necesidade, ante as denuncias de irregularidades nas súas bases, de que se anule o actual concurso para a provisión dunha praza de director ou directora do Centro Galego de Arte Contemporánea e se realice un novo proceso conforme a criterios de obxectividade e a principios de mérito, igualdade e capacidade.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A través da ORDE do 25 de setembro de 2014 convocábase a provisión do posto de director ou directora do Centro Galego de Arte Contemporánea. Sen dúbida, unha nova necesaria, ante a situación de desatención, denunciada tanto por AGE como polos restantes grupos da oposición, que sofre o CGAC desde que Feijóo aplica as tesoiras da austeridade neoliberal aos orzamentos anuais da Xunta de Galicia.

Unhas tesoiras que se complementan cunha estratexia ideolóxica de desmantelamento das infraestruturas e institucións culturais que deberan asentarse na bagaxe cultural propia, protagonizada polos axentes culturais galegos para sermos quen de proxectar a nosa cultura desde Galicia.

Polo tanto, a provisión da praza de director ou directora é unha necesidade para que a programación cultural poda cumprir co obxectivo previsto. No entanto, un proceso de selección auspiciado desde a administración pública non pode verse envolto de denuncias de irregularidade, de opacidade e de feitos que atentan mesmo contra o que conteñen as bases da ORDE xa citada.

No artigo 9 defínense os aspectos relacionados co procedemento selectivo, que consiste nunha valoración de méritos e proxecto (art. 9.1.) e nunha entrevista (art. 9.2.), sendo requisito para poder acceder á fase de entrevista obter “un mínimo de 65 puntos”. Na entrevista dise de forma clara que nela “valorarase o coñecemento das linguas oficiais de (sic) comunidade autónoma así como das linguas estranxeiras, nomeadamente a lingua inglesa” e que terá “unha valoración máxima de 10 puntos”.

Existen evidencias de que non se procedeu conforme ao indicado no artigo 9.2, de tal forma que tivemos coñecemento de alegacións cursadas por J.A.N.L. que afirman que *“durante o tempo que durou a entrevista persoal este candidato non foi requerido en ningún momento para acreditar os mentados coñecementos [refírese ao coñecemento das linguas oficiais de Galicia e ás estranxeiras]”*. Ditas alegacións teñen data do rexistro central da Xunta de Galicia do día 27 de abril de 2015, despois de que se procedese á publicación das puntuacións finais provisionais o 23 de abril de 2015.

Grave feito o que se denuncia, e que debe ter algún fundamento pois un mes despois, sen que se respondese á persoa que alegaba, despois da publicación das puntuacións provisionais, sen que conste nas propias bases, convócase ás persoas seleccionadas a unha proba de linguas que ten lugar o 25 de maio de 2015.

Falamos dunha proba non definida nas bases nin na súa forma nin no contido, xa que nas mesmas se indica que debe formar parte a súa valoración, de forma obrigatoria, da fase de entrevista, tal e como se indica nunha novas alegacións rexistradas antes da realización da proba, o 22 de maio de 2015. Semella en todo punto unha irregularidade que, de por si, xustifica a anulación non só das puntuacións dadas o 23 de abril e dadas conforme a unha entrevista mal realizada, senón que debera implicar a anulación de

todo o procedemento.

Por estes motivos o Grupo Parlamentar de Alternativa Galega de Esquerda, presenta a seguinte Proposición non de Lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento Galego insta ó Goberno Galego a

Anular o procedemento selectivo para a provisión dunha praza de Director ou Directora do Centro Galego de Arte Contemporánea, cuxas bases foron publicadas na ORDE do 25 de setembro de 2014 (DOG do 7 de outubro de 2015) e iniciar un novo procedemento selectivo mediante a publicación dunhas novas bases conforme a criterios de obxectividade e a principios de mérito, igualdade e capacidade.

Compostela, 1 de xuño de 2015

Asdo. Xabier Ron Fernández

Asdo. Ramón Vázquez Díaz

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asinado dixitalmente por:

Jose Javier Ron Fernandez na data 02/06/2015 11:34:53

Ramón Vázquez Díaz na data 02/06/2015 11:35:00

Yolanda Díaz Pérez na data 02/06/2015 11:35:04